



Acordo do Consello da Xunta de Galicia do dede 2021 polo que se actualiza o importe previsto no parágrafo noveno do artigo 26 bis do Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia.

O Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnizacións por razón de servizos ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia, recolle no seu artigo 2 a participación en tribunais de oposicións e concursos ou outros órganos encargados de selección de persoal ou de probas que sexa necesario superar para o exercicio de profesións ou para a realización de actividades como un dos supostos que dan orixe á indemnización ou compensación.

Mediante o Decreto 96/2011, de 5 de maio, modificouse o Decreto 144/2001, de 7 de xuño, sobre indemnizacións por razón de servizo ao persoal con destino na Administración autonómica de Galicia para introducir un artigo 26 bis coa finalidade de clasificar o persoal auxiliar dos tribunais, definir as súas funcións, atribuír a competencia para o seu nomeamento e ademais fixar o importe a percibir por asistencia.

En concreto, en relación co persoal que efectúa labores de auxilio aos tribunais na consellería competente en materia de educación e, en atención a súa peculiaridade, fixouse unha contía única de 25€ brutos por día. Porén, da experiencia adquirida nestes últimos anos nos diferentes procedementos selectivos de ingreso e acceso aos corpos de persoal docente que imparte ensinanzas distintas das universitarias nos que se desenvolveron importantes ofertas de emprego e, tendo en conta as numerosas e diversas tarefas que desenvolve este persoal, parece oportuno modificar a contía única que percibían para fixar outra máis acorde co seu labor.

Na súa virtude, a proposta da Consellería de Facenda, o Consello da Xunta de Galicia, na reunión do día....de.....de 2021, adoptou o seguinte

ACORDO:

Primeiro. Aprobar a actualización do importe establecido no parágrafo noveno do artigo 26 bis do Decreto 144/2001, de 7 de xuño, de indemnización por razón de servizos ao persoal con destino na Administración Autonómica de Galicia, polo que o persoal que desenvolva labores de auxilio aos tribunais na consellería competente en materia de educación, entre as que se encontran as propias do persoal de limpeza e de conserxería, percibirá unha contía única de 40€ brutos por día.

Segundo. Ordenar a publicación deste acordo no *Diario Oficial de Galicia*, que entrará en vigor ao día seguinte da súa publicación.

Santiago de Compostela,

